



ACTA DA REUNION DA XUNTA ELECTORAL, PARA ELECCIONS A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISION DELEGADA DA FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, CELEBRADA EN LUGO, NA SEDE FEDERATIVA, O DIA NOVE DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Lugo, a nove de xullo de dous mil dezaeito, na Sé da Federación Galega de Tiro Olímpico, con enderezo na Avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n (Casa do deporte), en cumprimento do disposto no vixente Regulamento Electoral, reunense os membros da Xunta Electoral, para a aprobación do censo electoral definitivo.

ASISTENTES:

Presidente: D. Yago Lanzós Gesto  
Vogal: Dona Iria Rancaño Otero  
Secretaria Dona Pilar Vidal Barrio.

Con data 26 de xuño próximo pasado, a Xunta electoral procedeu a resolver as reclamacións aos censos provisionais.

Con data 28 de xuño, Dona Núria Mera Carrión, secretaria do Ourense club de tiro olímpico, presenta reclamación ao censo provisional, perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, pola non inclusión da devandita entidade no censo definitivo de entidades deportivas.

Con data 5 de xullo en curso, a Xunta electoral remite informe ao Comité Galego de Xustiza Deportiva en contestación a súa providencia número 47/2018.

En cumprimento do calendario electoral, con esta data, a Xunta electoral procede a elevar a definitivos os censos provisionais.

Á espera da resolución do Comité Galego de Xustiza Deportiva, sobre a reclamación presentada por Dona Nuria Mera Carrión, e en aplicación do Artigo 19.2) do vixente Regulamento electoral, que establece, que unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos, e das especialidades, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a Xunta electoral, no prazo máximo de dous días hábiles, fixará o número concreto de membros da cada estamento e especialidades, segundo as porcentaxes e criterios establecidos neste regulamento electoral.

O censo total definitivo será exposto na paxina web da Federación e no taboleiro de anuncios da mesma. Nos taboleiros das delegacións provinciais figurarán os censos correspondentes a cada provincia.

E Sendo as 19:45 horas, levántase a sesión que se constata na presente Acta.

A Secretaria da Xunta Electoral,

Asdo.: Pilar Vidal Barrio.

Vº. e Prace,  
O Presidente da Xunta Electoral,

Asdo.: Yago Lanzós Gesto.



A large, stylized handwritten signature in blue ink, enclosed within a large blue oval. The signature is highly cursive and difficult to decipher, but it is identified as belonging to Pilar Vidal Barrio.

A large, stylized handwritten signature in blue ink, enclosed within a large blue oval. The signature is highly cursive and difficult to decipher, but it is identified as belonging to Yago Lanzós Gesto.